



«Sant Roc n->1»

Leonardo Fernández. Arquitecto (UNC - Argentina), é fotógrafo vocacional e autodidacta. Naceu en Córdoba (Argentina). Vive e traballa en Barcelona desde 2002, compaginando a ampliación dos seus estudos regrados (Máster UPC-ETSAB) coa realización de proxectos arquitectónicos e a actividade formativa e creativa no ámbito da fotografía. Os seus proxectos fotográficos, a medio camiño entre o documental e o artístico, céntranse na influencia da arquitectura e o urbanismo nos comportamentos humanos. Identidade individual e colectiva, apropiación espacial e cohesión social, son temas do seu especial interese.

que ten como obxectivo facer tomar conciencia da importancia da identificación dos habitantes coas súas propias vivendas e o espazo público que constitúe o seu contorno. Estes polígonos, da área metropolitana de Barcelona, nados para resolver a emerxencia habitacional produto das migracións campo-cidade en épocas do franquismo, non constitúen en moitas ocasións, lugares desde un punto de vista antropolóxico. A conformación espacial repetitiva e a falta de referencias visuais, históricas e sociais, fan que estes espazos carezan de significados e sexan pouco propensos para o desenvolvemento da vida comunitaria, coa conseguinte perda de lazos sociais e de identidade colectiva.